



IIª GUERRA MUNDIAL

**Do expansionismo do anos 30s á derrota do Eixo e
a construción do mundo de Guerra Fría
(1939 – 1945)**

Prof. Jesús Luís Vázquez Pajares

Unha guerra para cambiar o mundo: reflexións sobre as implicacións e magnitudes da IIªGM



Poucas guerras marcaron tanto os destinos do mundo como a IIª GM, a cal pode considerarse en si mesma, non só a **(1) responsable da expansión do comunismo polos países do este de Europa** (definindo a partir dos tratados de remate o **mundo da Guerra Fría**), senón tamén **(2) a principal incentivadora dos procesos de descolonización dos anos 50s** e **(3) a responsable maior da definición dunha Europa ferventemente comprometida cos valores de democracia e antifascismo** que marcarían na posguerra a **construción social-demócrata dos Estados de Benestar** dos que inda hoxe somos herdeiros (se ben cada vez máis se están a por en entredito).

Unha guerra para cambiar o mundo: reflexións sobre as implicacións e magnitudes da IIªGM

En termos estritamente cuantitativos e de **magnitudes**, falamos dunha guerra como nunca antes se vira, afortunadamente inda **non superada**, sendo estas algunhas das súas cifras máis chamativas:

- Máis de **60 países** implicados
- Ao redor de **110 millóns de soldados** mobilizados
- Sobre **60 millóns de mortos civís**
- Algo máis de **20 millóns de combatentes** caídos
- **Incontables damnificados**: desprazados, feridos, arruinados...




Unha guerra para cambiar o mundo: reflexións sobre as implicacións e magnitudes da IIªGM

A maiores, por se o anterior fose pouco, a guerra cobrouse o **impacto simbólico** da destrución dos entón dous maiores imperios sobre a terra, o **alemán** e **xaponés**, cujos **territorios foron ocupados, divididos e sometidos á tutela dos vencedores** (conformando un novo marco de humillacións e crise equiparable ao da Iª GM).

Cabe sinalar tamén o **traumático**, que en termos máis xerais supuxeron dous feitos máis, o **xenocidio xudeu (Holocausto)** (algo máis de 10 millóns de vítimas) e **o lanzamento das bombas atómicas** (Hiroshima e Nagasaki), esenciais para a confirmación dos compromisos de paz que seguirían ao mundo de posguerra.

Por último, quizais a **maior repercusión** sería a construción dun **mundo de Guerra Fría** no que xa **non caberían os fascismo**, desprazados do espectro político tolerable ate o presente inmediato.



As guerras antes da guerra

En **termos xerais/clásicos**, acostuma dicirse da IIªGM, que ten o seu inicio o **1 de setembro de 1939** (coa invasión alemá de Polonia) e que remata o **8/9 de maio de 1945** coa capitulación en Berlín.




Sen estar isto necesariamente mal, a **historiografía actual** acostuma cuestionar este marco cronolóxico, denunciando a existencia de **polos de conflito anteriores**, ubicados noutros espazos e que permítenos cuestionarnos a **idea dunha guerra máis estendida no tempo**. Para traer algo destes debates á nosa explicación, procederemos a **presentar brevemente algúns espazos e tempos alternativos**.



As guerras antes da guerra




China e Asia Pacífica: trátase do **primeiro e máis antigo** espazo de conflito asociado a esta idea de precedente ou primeirísima fase da IIªGM. Nel atopámonos con **procesos de expansión e orixes do Imperio Xaponés**, que durante os primeiros anos 30s, ocupa Corea (esta dende 1910), a Manchuria e disputase outros territorios chineses (dando lugar a episodios coma os da masacre de Nankin). Alí, a superposición entre a IIªGM e **Guerra Civil China** (entre os comunistas de Mao Tse-Tung e os nacionalistas de Chiang Kai-shek) permite ademais falar non só dun inicio anterior (retrotraible á invasión de Manchuria en **1931** ou á segunda guerra sino-xaponesa de **1937**), senón tamén unha finalización posterior, marcada polo peche da guerra civil chinesa e a hexemonía comunista a partir de **1949**.



As guerras antes da guerra

Etiopía e Norte de África: representan outro caso peculiar que nos leva a falar das **ambicións imperiais**, desta volta de Italia, que na antesala da IIªGM intensifica as súas campañas nestes territorios, logo de expoñentes anteriores relacionados coa Segunda Guerra Ítalo-Sanusi ou Guerra de **Pacificación de Libia (1923-1932)**. Con todo, o seu episodio máis coñecido é a **Segunda Guerra de Abisinia** ou Segunda Guerra Italo-Etíope (**1935-1936**). Cabe destacar a maiores o emprego nestas contendas de armamento modernos logo usado na IIªGM así como técnicas destrutivas e prácticas de violencia e erradicación de poboación civil igualmente estendidas nos enfrontamentos futuros.






As guerras antes da guerra



España: amosa o caso máis próximo e coñecido no noso contexto onde a Guerra de España, coñecida na nosa historiografía como **Guerra Civil (1936-1939)**, deixou tanto as primeiras intervencións e combates das **tropas, avións e tanques alemás e italianos en Europa** como sobre todo, a primeira expresión da **capacidade destrutiva** das mesmas a través do seu **uso extendido sobre poboacións combatentes e civís**. Feitos como o **bombardeo de Guernica** o 26 de abril de 1937 (efectuado pola Luftwaffe alemá) ou os de **Valencia** (executados pola mariña e aviación italiana) encarnan á perfección o espírito dunha guerra que, máis alá das coiunturas particulares que a caracterizan, foi tamén en gran medida o **campo de adestramento** das tropas do Eixo de cara á IIªGM.




Expansionismo alemán na Europa dos anos 30s



Anexión de Austria por referendo (marzo de 1938): tras recibir enormes **presións** da cúpula política e militar da **Alemaña nazi**, o goberno fascista do austríaco **Dollfuss**, accede a executar un referendo sobre a **unión** austro-alema (ignorando o disposto nas cláusulas do fin de IªGM que impedía esta unión). Tras algunhas resistencia, un intento de golpe e a propia morte de Dollfuss, **Austria e Alemaña** pasan a ser **un só país** o **12 de marzo de 1938**.

Expansionismo alemán na Europa dos anos 30s

Crise e anexión dos Sudetes por imposición, concedida cos Acordos de Munich (setembro de 1938): unha vez anexionada Austria, o discurso nacionalista imperial e racial, leva a Hitler a reivindicar o papel de “**protector**” dos **alemáns étnicos** habitantes de **Checoslovaquia**, un estado artificial que coma o Húngaro, recollía un número variado e perfil heteroxéneo de credos, etnias... Na parte checa do país, era evidente que as fronteiras con Alemaña tiñan poboadores xermanos que ao igual que o fñhrer, semellan querer **integrar Alemaña**. Facendo bandeira de supostos principios de post IªGM, como o dereito de **autodeterminación**, reivindicaban a incorporación.




Expansionismo alemán na Europa dos anos 30s



Dende o panorama internacional, **Francia** (aliada de Checoslovaquia) e **Inglaterra** (adaliado, ao igual que a previa, dos principios de paz de Versalles e a Sociedade de Nacións), temen outra guerra en Europa, polo que **prefiren resolver diplomaticamente** a ameaza (que xa se materializara na mobilización de divisións). Así, aconsellados por **Benito Mussolini**, os primeiros ministros británico (**Chamberlain**) e francés (**Daladier**), reúnen-se en **Múnic**, resolvendo uns acordos nos que **acceden á nova anexión** coa **condición de que sexa a última (política de apaciguamento)** [a ambición alemá basease na idea do “**Lebensraum**” ou espazo vital, chave para a seguridade e crecemento alemán].

Expansionismo alemán na Europa dos anos 30s

Ocupación de Checoslovaquia (marzo de 1939): contra todo prognostico, Hitler demostra que para el os tratados non son máis ca “**papel mollado**”, ordenando ás súas tropas avanzar máis alá dos límites Sudetes, facéndose coa metade do país (correspondente ao territorio habitado por alemáns e checos) onde conforma a modo de goberno títere o “**Protectorado de Bohemia e Moravia**” en marzo. Os Estados e organizacións internacionais entón, como ante as esixencias dos Sudetes, deciden non facer nada, posto que o **medo á guerra** era demasiado e o **entusiasmo probélico** de sociedades como a francesa ou inglesa, practicamente **nulo**.





A invasión polaca e o estalido da contenda



Pese a levar xa ao límite as tensións internacionais, os éxitos crecentes do III^a Reich que xa aumentara significativamente as súas fronteiras, afianzando **nun ano e sen guerra conquistas que fora imposible lograr en 4 anos de I^a GM**, as **ambicións alemás non van deterse**.

Dun xeito máis ou menos clandestino, en agosto de 1939 remata de elaborarse un **plan de invasión a Polonia** cuxa última parte fíxase no mesmo mes, unha vez o **Pacto Ribbentrop-Molotov**, garántelles aos nazis que a URSS non os atacará de seguido, **congraciándose na práctica ao acordar a división de Polonia**.

A invasión polaca e o estalido da contenda

A entrada das divisións alemás en **Polonia** marca o fin do expansionismo consentido, reaccionando Francia e Inglaterra con cadansúa **declaración de guerra** (se ben ningunha enviará tropas ao país), **comezou a IIªGM**.

Alemaña pola súa parte, asinara alianzas con italianos e logo xaponeses (**Eixo Roma-Tokio-Berlín**), levaba anos reforzando a **industria armamentística** (todo un pulmón de crecemento), incorporara dous estados recentemente (co que elo implica en termos de **adquisición de capital humano e industrial**) e perfeccionara a **técnica** e “oficio da guerra” (ex. **Blitzkrieg** ou guerra lóstrego) con **novas armas, estratexias e mandos** formados, demostraría nesta contenda que a nova guerra sería inda máis crúa que a primeira e que a Alemaña costaría moito vencela.




Iª FASE (Iª parte) (sept.1939 – mai.1940)

Da invasión de Polonia á ocupación das Rep. Bálticas



- **Alemaña invade Polonia**, despregando por vez primeira e a gran escala o poderío da súa **Blitzkrieg** ou guerra lóstrego nunha combinación de artillería, aviación e infantería motorizada que rende o país en tan só **17 días**.
- Como antesala da invasión de Bélxica e Francia, son ocupadas polos alemáns (non sen algunha relevante mostra de colaboración antes) **Dinamarca** e **Noruega**.
- Pola súa parte, a **URSS** (que asinara xa antes pactos coa alemaña nazi, Ribbentrop-Molotov) aproveita a convulsión xeral para **retomar as Repúblicas Bálticas** ao igual que os **territorios finlandeses** (no caso dos últimos non o logra), perdidos como parte das imposicións da paz asinada na IªGM e a Guerra Civil Rusa.




Iª FASE (IIª parte) (mai.1940 – sept.1940)

Da toma de Francia á Batalla de Inglaterra

- **Avance cara á fronte occidental** a través de **Bélxica**, evitando a reforzada liña Maginot e logran a **vitoria en Francia** en tan só **6 semanas**.
- Consolidación do goberno alemán en Francia e partición do territorio (nace a **Francia de Vichy**, ao sur, e a **Francia ocupada**, ao norte)
- Primeiros combates no Mediterráneo pola hexemonía marítima.
- **Fracaso das propostas de paz con UK**, retirada de Francia en **Dunkerque**.
- **Batalla de Inglaterra** e inicio das campañas de bombardeos sobre Londres.







Iª FASE (IIIª parte) (sept.1940 – abr./xuñ.1941)

Do imperio colonial africano á guerra nos Balcáns



- Ocupación de **Rumanía** e control alemán sobre os seus pozos petrolíferos.
- Combates en Abisinia e Norte de África (rebelións no imperio colonial italiano).
- Inicio das **campañas de Rommel** e os **Áfrika Korps** no norte de África.
- Nacemento da “**Francia libre**” a partir da rebelión das súas colonias encabezadas polo xeneral **De Gaulle**.
- Alemaña entra en **guerra con Iugoslavia e Grecia** tras o estancamento italiano nos Balcáns, **atrasando as demais operacións**.



IIª FASE (Iª parte) (abr./xuñ.1941 – dec.1941)

Da operación Barbarroja á entrada dos EEUU

- Comezo da **Operación Barbarroja** e avance alemán en Rusia (vitorias na batalla de Minsk) e internacionalización da fronte oriental (entrada dos “**exércitos de voluntarios**” en axuda dos nazis sendo Finlandia a pioneira).
- Apoio económico, alimenticio e armamentístico de EEUU (tanto a británicos como a soviéticos).
- Novas victorias alemás en espazos tan simbólicos como **Novgorod** ou **Kiev** (2 dos principados históricos da Rus medieval).




IIª FASE (Iª parte) (abr./xuñ.1941 – dec.1941)

Da operación Barbarroja á entrada dos EEUU

- **Cerco de Leningrado e Moscú**, onde se traslada a capital (histórica) logo do abandono da máis moderna Leningrado.
- Ataque xaponés a **Pearl Harbor** e desencadeado das declaración de guerra que levan a **EEUU** a volcarse plenamente na IIªGM.






IIª FASE (IIª parte) (dec.1941 – dec.1942/ febr.1943)

Da Guerra no Pacífico á primeira derrota alemá




- Novas campañas **alemás en África** dende Libia a Exipto
- **Expansión do Imperio Xaponés** por Indochina, Filipinas e outras illas da Asia sudoriental.
- Os exércitos alemáns da operación Barbarroja alcanzan **Stalingrado**, poñendo baixo sitio a cidade nomeada como o líder soviético.
- **Rendición italo-alemá en Túnez.**
- Fracaso da campaña africana de Rommel tras a **derrota en El Agheila.**



IIIª FASE (Iª parte) (dec.1942/ febr.1943 – dec.1943) Da batalla de Stalingrado á Conferencia de Teherán

- Tras meses de asedio, o 6º exército **alemán réndese en Stalingrado**, asinando a máxima autoridade militar, o mariscal de campo Friedrich Paulus, a capitulación das tropas (sendo o primeiro mariscal de campo alemán en renderse na súa historia).
- Logo de Stalingrado da comezo a **contraofensiva soviética** na fronte oriental, a denominada como **Operación Bagration**, responsable primeiro da recuperación da Rusia ocupada e despois, da liberación dos territorios do este de Europa, chamados a conformar de seguido os “satélites soviéticos”, durante a Guerra Fría.




<https://www.youtube.com/watch?v=OQXhXz0L3f0>

IIIª FASE (Iª parte) (dec.1942/ febr.1943 – dec.1943)

Da batalla de Stalingrado á Conferencia de Teherán



- Os aliados (particularmente os norteamericanos) desembarcan e **liberan Sicilia** (gracias en gran medida á estreita colaboración coa súa mafia), bombardeando Roma (contra toda expectativa) e tomando o Gran Consello Fascista a decisión de destituír a Mussolini.
- Un novo desembarco, esta vez en **Nápoles**, decide ás autoridades **italinas** a asinar un armisticio, preámbulo da **rendición e paz**.
- **Mussolini** (en prisión) é rescatado nunha operación especial nazi, conformando un **gobierno débil no norte** do país que non tardará en caer.
- Durante a **Conferencia de Teherán**, Churchill, Stalin e Roosevelt acordan abrir unha fronte occidental na coñecida como **Operación Overlord**.






IIIª FASE (IIª parte) (dec.1943/xan.1944 – ago. 1944)

Da liberación de Italia ao desembarco de Normandía

- Iníciase a **campaña aliada de bombardeos masivos sobre Alemaña** que dará lugar a episodios como a **destrución de Dresde**.
- Co éxito na “**operación Neptuno**” Italia queda baixo control aliado.
- Na **India** e **Birmania**, Lord Mountbatten e outros mandos británicos, fan **fronte con éxito ao Imperio Xaponés**, arrebatando gran parte dos territorios tomados na IIª fase.
- A **URSS** culmina a contraofensiva no territorio nacional, continuando o seu **avance coa liberación das repúblicas do este** (orixe do futuro telón de aceiro dos “satélites comunistas”) (da **resistencia colaboradora co exército vermello procederán líderes futuros como o mariscal Tito, en Iugoslavia**).
- Norteamericanos, canadienses e británicos desembarcan con éxito en **Normandía**, quebrando a fronte occidental para os alemáns.






Kreta (dt.)

IIIª FASE (IIIª parte) (ago.1944 – xan./feb. 1945)

Da liberación de París á ofensiva das Ardenas



- As tropas aliadas en Francia colaboran coa resistencia e outros rexementos como a **9ª división** (con soldados republicanos españois) para **liberar París** a finais de agosto.
- Os **imperios alemán e xaponés desmoronanse** coa perda de territorios próximos como é para o primeiro caso Filipinas e Iwo-Jika ou para o segundo, Bélxica.
- Na **batalla das Ardenas**, en Bélxica, o que queda da **Werhmarch** enfróntase con primeiros éxitos ás tropas aliadas, sendo logo **derrotados**.
- Os combates no Pacífico recrúdécense con batallas terrestres por cada islote, resolvendo a administración americana unha **campaña de bombardeos masiva** sobre a metrópole (sobresae o **bombardeo de Tokio**).




IIIª FASE (IVª parte) (xan./feb.1945 – mai.1945)

Do avance aliado ate Berlín á capitulación alemá

- Tropas rusas e anglo-americanas **entran en Alemaña** establecendo cabezas de ponte en Remagen (anglo-americana) e Danzing (rusa).
- Tras un avance aliado sólido, **Berlín é sitiado** e **cae en mans soviéticas o 2 de maio de 1945** desenvolvéndose de xeito máis ou menos coetáneo o **fusilamento de Mussolini** e o **suicidio de Hitler**.
- Na noite do **8 ao 9 de maio de 1945**, **Alemaña asina a súa capitulación incondicional** (ao mesmo tempo, os exército e territorios que inda formaban parte do Reich fan o propio ante os representantes aliados máis próximos), a **derrota é total**.



Zweiter Weltkrieg
Mai, 1945



IIIª FASE (Vª parte) (mai.1945 – ago./set.1945)

Da fin da guerra ás tutelas aliadas




- Xa **rendida, Alemaña é subdividida** en 4 áreas de ocupación/influencia (predefinindo o mapa dunha Europa de posguerra ben distinta á que coñecíamos), son os inicios do mundo da Guerra Fría.
- **Reintensifícanse os bombardeos** sobre cidades xaponesas como Osaka, ignorando que os **nipóns non estaban en condicións de seguir a guerra**.
- A **mariña americana** segue recolectando vitorias fronte a un imperio nipón en desintegración **uníndose á guerra Rusia** para retomar territorios perdidos durante a IªGM e guerra ruso-xaponesa.
- Danse os primeiras intentos de **achega aos americanos** para acordar unha paz, se ben non reciben resposta.

IIIª FASE (Vª parte) (mai.1945 – ago./set.1945)


Da fin da guerra ás tutelas aliadas

- Perfilanse os primeiros esbozos do mundo da Guerra Fría a partir da **Conferencia de Postdam** entre UK, URSS e EEUU.
- Ordénase e execútase o lanzamento das **bombas atómicas** en **Hiroshima** e **Nagasaki** o 6 e 9 de agosto respectivamente
- O emperador de Xapón, **Hirohito**, dá o discurso de rendición o 15 de agosto de 1945, facendo efectiva esa **rendición incondicional** ante ao comandante supremo Douglas MacArthur, a bordo do acorazado USS Missouri, o 1 de setembro de 1945, iniciando o **período de ocupación norteamericana de Xapón**.
- Nos meses e anos que seguen organízanse **procesos xudiciais** claves para a criminalización dos actos cometidos na guerra, entre eles os **Xuízos de Núremberg** ou os de **Tokio**.





<https://www.youtube.com/watch?v=h7Mk9Ry-euQ>



Guerra Fría 1945 - 1990
Alianzas militares

- Miembros fundadores de la Alianza del Atlántico Norte (OTAN) 1949
- Entrada: Grecia, Turquía 1952, RFA 1955, España 1982
- Miembros fundadores del Pacto de Varsovia 1955

